

A NOVA TERRA

BOLETIN DECENAL

Idearium da Irmandade da Fala en Galicia e nas colonias galegas d'América e Portugal

PREZOS DE SUSCRIZÓN

Na Cruña, ó mes, 40 cts.

Coste d'un número 10 »

Fora, trimestre, 1'50 pts

América, Id. 2 »

Pagos adelantados

Redacción e Administración: REGO D' AUGA, 38, 1.º

Núm. 38

A CRUÑA 30 DE SANMARTIÑO DE 1917

PINTORES D' ALMAS

Os monicacos que tallou iste home
todo un mundo de sátiras nos mostran.

Anaquíños de barro
onde a vida se pouosa
y-onde as ridiculeces aparecen
tales como elas son, sin carantoña,
levan consigo o misterioso alento
da voluntá creadora
que no Deseo é carne,
e no Campo é traballo e máis é forza,
e nos finxidos Rezos das Beatas
é arte de hipocresía e de rexouba...
e têm o culto enxebre
no santo Altar da Forma...
e vai buscar nos Negros Cabaleiros
a gravedad estudiada dos estoas
que charlan e latrican e discuten
e falan de mil boubas,
sin saber tan xiquera
o que entre sí parolan...
Nos serios monicacos
d'este gran escultor da raza nosa
hai fondos agarimos pr'os sinceiros
e hai duros xostregazos pr'os hipócretas.

* *
Non son as almas tristes que se layan,
nin son as almas vírxenes que choran.
Son esas almas de pasión e vida,



ASOREY

de carne e sangue moza,
que viven pr'o traballo
e coa carnal maternidade gozan.
Son as almas satíricas da terra,
que convidan á mofa
e se prestan á bulra
e parece que chaman pol-a sorna.
Unhas queren espréndidos poemas
que inmortalicen a virtude heroica
que nas aldeas trunfa
despois de ruda loita,
y-outras piden romances picareiros,
amañados con cántigas irónicas,
como homenaxe propio
das voluntades fofas...
Algo hai n'este satírico gallego
de labor confortante e porveitosa;
algo que nos ridime,
algo que nos consola:
¡O premio que se debe ás almas grandes
y-o pago que hai que dar ás almas mortas!

ELADIO RODRÍGUEZ GONZÁLEZ.

CAMIÑO DE BARCELONA

D' Ourente com' adoito virá a lus

ALÁ foron camiño de Barcelona. Na cibdá
condal atópanse nosos irmáns os xe-
nuinos repersentantes do rexurdimento ga-
leguista—con perdón de Besada—, pr'amos-
traren n'unha serie de conferencias qu'a
prensa catalana denominou a somana gale-
ga, que Galicia non é un pobo morto sin
nocións da vitalidade á que ten dereito, e
que si deica o d'agora foi tan soio unha re-
xión incubadora de caciques ou mántial ina-
gotable d'homens choróns e castrados, foi
cicáis porqu'aínda non foran chegados os
tempos pr'os galegos.

Os tempos chegaron e fai pouco mais
d'un ano, un fato de bós galegos cansos de
termare aldraxes dos alleos, bulras do cen-
tralismo, e traicións dos qu'hoxe queren
sentaren prazas de matriotas en xa anunza-
das campañas rexionalistas, xuntáronse en
apertado feixe baixo o nome «Amigos da
Fala», e fixeron a súa aparición na Cruña;
aparición que foi acollida con asomo pol-os
probes d'esprito, con sursisa despeitiva pol-
os caciques, e con desprezo pol-os cursis ou
xente ben.

Comenzaron a súa aituazón falando, pen-

sando, e sentindo en galego. Nos seus pir-
meiros pasos, nos primeiros aitos públicos,
en qu'aituaron que foron espréndido albo-
rear d'unha nova Galicia, tiveron que faguer-
se cegos á fin de non vel-as bulronas surri-
sas que porducían as suas predicas, pra non
sentire noxo de sere galegos, e tiveron que
se faguer xordos e non ouvil-os anatemas
de qu'eran ouxeto, pra non deixare de ser
apóstoles convertíndose en homes.

Donos d'unha forte fe no ideal e d'un
santo amore á causa, pasaron por enriba das
miserias humáns e impuxéronse. Algún me-
doso, fallo de fé, ou trabucado, dos que
compoñían as fias, desertou. Foron poucos,
moi poucos; os demais siguiron, e outros
comencidos ocuparon os postos valdeiros.

A loita sigúeu cada día mais forte, cada día mais rexa. O illamento en qu'os choian, dáballes forzas; os entropazos, arrestos. E hoxe os «Amigos da Fala», os quixotes, os tolos, os salvaxes que tiñamol-os pes no século XX e a cabeza no XVII, que de todo nos chegaron a chamar, somos tídos en certa estima pol-a maoría do pobo, e téñennos por algo eisé com'unha interrogazón na qu'atópase choído o porvir de Galicia. Xa nos ollos asomados dos probes d'esprito apareceu a sereidade, e trais da sereidade a reflexión; xa nos cursis o ademán desprezativo, trócase en comezón, desasosego, destranquilidade; xa nos labres dos caciques a surrisa despeitiva de conmiseraçón, desdíbúxase e convírtese en tráxica contraizón de medo, de terrore.

O tristeiro, o lamentable, o paradóxico, é, que namentras na casa, bulrábanse, ou non fagufan caso de nós, un pobo con orientazóns, un pobo que sinte e pensa á europea, o pobo catalán, alentábanos na empresa qu'acometéramos, i-era pródigo en adicarnos gabanzas que constituían pra nós unha leda fiducia. E foi perciso qu'aquil pobo vendo a nosa boa marcha pol-os derroteiros á que tenden á dirixírense aitualmente todol-os pobos d'Europa, isto é, á marcarse a súa persoalidade as nazóns que teñen dereito a sel-as, viñeran cabo de nós cós brazos abertos ofrecéndonos seu forte como desintresado apoio, pra que todal-as miradas fixáranse en nós, e porducírase unha tana de rexionalismo en toda Galicia.

O problema *rexionalismo*, atópase latente agora nas dereitas e nas esquerdas galegas; mais non é o rexionalismo puro e san que

nós perdicamos, porqu'o noso tén por fin o benestar e a prosperidade de Galicia, sin o marco que poida impoñerlle a doutrina d'un ou outro partido. N'ista cruzada galeguista qu'emprendimos, imos buscando como finalidade o goberno propio sin pensare no xeito que ha de sere. Quen nos tilde de dereitistas ou isquerdistas, perde o tempo. Non somos partidistas, somos nazionalistas. Quenes veñan con nós á axudárennos á constituire a nazionalidade galega, teñen de vire como van nosos irmáns á Barcelona: como galegos. Eles non van alí á eispoñer o xeito de goberno que millor conviña á Galicia, porque sería irrisorio e prematuro o discutire cō estilo que habían de amueblare unha casa, da que non hai mais qu'o terreo onde ha de faguerse, i-eiquí, non trátase do afianzamento d'un partido político, sinon d'algo mais outo e mais sagrado: do afianzamento d'unha nazón e do porvir d'unha raza.

Catalunya, ise pobo modelo que radica no Ourente ibérico, de onde nos vén a lus das novas orientazóns, danos o exemplo. Por boca de Cambó, enteróuse España enteira das aspirazóns dos non partidistas sinon nazionalistas cataláns, concretadas n'iste párrafo: *E hai que decil-o con craridade: as rivindicazóns autonomistas non constituíen un problema de bon ou mal Goberno, sinon o problema de Goberno propio.* E a iso imos nós, o goberno propio, que do xeito de nos gobernar, benest á o dereitismo (Alemania), e ben está o isquerdismo (Norte América), pois nada com'os feitos amostan qu'o mesmo pode ser puxante e próspero un Estado baixo a croa d'un Guillermo que baixo o gorro d'un Wilson.

correntes nazionalistas están creando en Galicia? Mais resulta que tarde ou cedo todo acaba por chegar, e ista lei xeneral terá de cumprírese mui axiña na nosa patria. Non se lle fuxe isto ós caciques nin ós seus criados; mais, ainda estando perfectamente decatados de tal verdade, farán canto poidan e poñerán na empresa a suma maior de esforzos pra non ceibar a presa en que teñen cravadas as suas poutas d'ave rapiñenta, presa da que tanto xugo levan sacado e ainda siguen sacando.

Agora ben non lles di nada o fenómeno espuesto a aqueles inconscentes—dereitistas ou isquerdistas—que con unha gran lixeireza, filla da súa inconscenza, alegan en contra da visita dos nazionalistas cataláns os argumentos inciviles qu'ua súa intransixenza política, intransixenza d'individuo centroafricano, lles fai arroutar? Nosoutros temos como verdade inconcusa—e a realidade eisé nol-o amostrou moitas veces—que ningunha porpaganda feita, inda que fose, pol-os caudillos mais radicaes, pol-os mais feros *papacaciques*, terá a virtude de faguer qu'os Besada, Gassets, Bugallales, e demais peixes formasen, como agora tratan de formar, o cadro, pois esquencido teñen de tanto sabelo qu'a verborrea de certos suxetos, verborrea sin feitos, é como estoupe de foguetes: nada; mais, eisé como saben iso, saben tamen qu'en Cataluña hai unhos homes, os nazionalistas, qu'a onde queira que leven o exemplo da súa autuazón cidadana levan tamen as sementes da redenzón e da liberdade, sementes qu'o froitificar donan como resultado o desbotamento de toda tiranía e de toda opresión.

A campaña qu'a hora d'agora vai escomenzare non é unha de tantas campañas como eiquí, en Galicia, se escomenzaron e logo morreron por múltiples circunstancias que non son pra citar n-istas liñas. E unha campaña desemellante de todal-as anteriores, unha campaña da xuventude feita por xentes qu'até o de agora foron apolíticas e nas que de cote, irá a yalma nos labres e a barilidade e a puxanza brava da raza no corazón; será unha campaña d'hixienizazón da nosa patria, de limpeza do chan nativo, de desinfeizón d'espritos galegos, de inoculazón de virus cidadán y-europeo; será unha campaña d'aniquilamento de ladróns e logreiros, de deslindamento de campos, de separazón de lixugados e limpos; será en semente, unha campaña, non tan soio pra resolver o problema da nosa representazón parlamentaria—ouh parvadas do besadismo desperciabel!—sinon pra algo que é moitísimo mais outo e digno: a liberazón compretada de Galicia e con ela o seu compremento: a gobernazón de nós por nosoutros mesmos, sin inxerenzas estranas. E como todo iso sabemos que non pode faguerse sin arrincar

BERRANDO FORTE

ABONDOU o soio anuncio da visita que teñen de faguernos mui axiña os nazionalistas cataláns pra qu'os oligarcas galegos, os detentadores da representazón parlamentaria de Galicia, os representantes dos vellos gremios políticos, n-unha verbe, os caciques por antonomasia, escómenzasen á bulir e á maxinaren proieutos de porpaganda, pra contrarrestar a labore fonda, outa e esgrevia qu'as «Irmandades da Fala», na compañía dos cataláns pirmeiro, e mais tarde soias, van a emprender. Tal anuncio de visita foi como pedra ceibada na charca vilano-cortesana, d'augas podrecentas, onde os tiráns ou os servidores dos criados dos tiráns medran o seu gusto, tivo a virtude d'impoñer o terror nos cativos espritos dos oligarcas. E isto qu'á pirmeira ollada semella tan pouca cousa, ten pra nosoutros un valimento e unha forza incontrastables. E a

resposta mais axeitada á aqueles interrogantes con que algunhos galegos, pertenden poñernos n-un apreto cando esculcan a razón do viaxe dos nosos representantes a Barcelona e da visita que mui axiña faránnos os nazionalistas cataláns; a xustificazón mais compreta da necesidade da anunciada visita.

Mellor qu'as palabras son os feitos e os feitos n-iste momento din, con unha craridade esmagante, qu'a base onde s'afinca todo o poderío das oligarquías que teñen asoballada á Galicia non s'atopa mui segura, pois de non sere eisé cómo o soio anuncio d'unha porpaganda fai formar o cadro ós noxentos caciques qu'até o de hoxe viñeron repartíndose á Galicia e autuando derriba d'ela, cal si d'un pobo d'esclavos se tratase? Cómo eispricárese un o tauto de cóbados qu'os roubadores da vountade galega tratan de faguer, si non fora pol-a turbonada qu'as

de cuaxo as organizazóns caciquies, derribando intreses, ferindo persoalidades, esmagando sonas, botando por terra orgulos e altiveces de tiráns tartarinescos, loitando, nunha verbe, rexa e barilmente, contra todo o constituído, contra todo o constituído iremos sin reparar en sacrificios nin en vítimas, caiga quen caiga e padeza quen padeza.

A gloriosa irmán Cataluña e con ela a nobre Baskonia ofercéunos, con unha xenerosidade sin semellante, a súa decisiva axuda. A bandeira azul e branca vai a sere

despregada; ou por ela ou contra ela terán que decidirse todol-os galegos: quen non nacéu pra escravo pôrase baixo os seus priegues immaculados; que non sinta a necesidade de sacudir a escravitude actual fará ben en pôrse fronte a ela, a sagra seña soio pode acochar baixo si homes libres. O aturuxo iniciador da loita xa resoa e o seu eco poderoso duplicado nas montanas, cutas e bravías com'a raza, eiscita os bôs pra escomenzar o empuxe qu'a de donarnos unha Galicia ceibe, señora dos seus destinos. ¡A loitar pois!

Momentos solemnes

pr' o rexionalismo galego

ABONDÓU o soio anunzo de que repersentazóns das «Irmandades da Fala» farían un viaxe a Cataluña, e de qu'os catalás comenzarían unha forte porpaganda rexionalista por Galicia, pra qu'os políticos galegos desen comenzo a se xuntaren e que coleitivamente emprenderan xestíós preto d'alguns ministros pra lograre non sabemos cantas cousas qu'afeitan â nosa terra.

Non movéu ôs políticos galegos, a isos políticos d'oficio que un día e outro, en santa e beatífica pacencia viron illada a Galicia, o intrés da nosa amada terra pra formaren un momentáneo broque; outra é a razón qu'abona ise celo, do qu'endexamáis diron mostrás, i-e sinxelamente qu'o rexionalismo en Galicia xa non é unha utopía, i-enxerguéndô eisí, pertenden faguer ver ô pais que n'eles teñen garantizados e prenamente defendidos seus intreses, e pol-o tanto Galicia debe termiñar confiándolles súa repersentazón no Parlamento, pois supoñen que do ministerio da Gobernazón non sairán os encasillados.

Tales proxeitos dos caciques galegos, de pretenderen siguir disfrutando e dispoñendo de vidas e facendas, nas mais das ocasións tal faguían, porcurando encumbrárense eles e poñer acuguladas as súas caixas, namentras as dos cidadáns galegos ficaban valdeiras, han de sere na realidade escuma de xabrón, xa qu'o pobo galego non debe permitire e menos consentire, valéndose pra ilo de cantos meios veia conducentes, qu'isos políticos logreiros, caciques máisimos, agarimadores d'un Estado qu'escravizóu a Galicia, sexan ostentadores d'unha repersentazón da que de ningún xeito fíxonse acreedores a ela.

A labor, endexamáis ben ponderada, das «Irmandades da Fala» fixo que pertendan agora tales políticos achegarse ô pobo gale-

go en reunións públicas, cando non fai moito mirában-o por riba d'hombro e con xestos despeitivos d'homes sobornaturaes despedían ôs cidadáns qu'a iles acudían en petición de xusticia. Non lembremos a alguns diputados a Cortes por Galicia, qu'ô persentárselle en mais d'unha ocasión os distrituaes que repersentaba, contestáballes qu'el non debía a súa aita á iles, sinon ô ministerio da Gobernazón, e que pol-o tanto, non tiña obriga d'atendelos e menos ainda a prôcupárese dos intreses do distrito. ¡Eson-os d'isa calaña, os qu'agora pertenden ostentare a xenuina repersentazón de Galicial!

Galicia ten agora nas súas mans seu porvir e até a súa liberdade; e o xeito de obtêr

tal benestar, fica reducido sinxelamente a non prestare atenzón a isos políticos d'oficio, e a siguire reitamente as predicas das «Irmandades da Fala», nas que non eisten políticos sinon homes de sana e boa vountade qu'arelan pra Galicia, a suprema, a mais outa aspirazón: Redenzón e liberdade.

(Do semanario *Ecos del Eume* de Pontedeume.)

Galegos:

Os caciques acaudilados por
BESADA

anunzan pra moi axiña unha intensa porpaganda rexionalista ô seu xeito por toda Galicia.

Falaranvos de liberdade os que sendo tiráns vos escravizaron; d'amore â nosa terra os que comenzaron cõela na meseta arrecadando bôs intreses, produto do seu papel de
FILLOS DESLEIGADOS.

Cando den comenzo â porpaganda, non fagades comentarios, nin interrompadel-os seus mitins con protestas.

SOIOS VIVIRON,
e agora qu'eles nos percisan, que
SOIOS MORRAN.

Na administración d' A NOSA TERRA temos â venda o libro de poesías **DA TERRA ASOBALLADA** de Ramón Cabanillas.
Prezo 1'50 pesetas.

PENSAMENTOS ENXEGBRES

UNHA nai bica ôs seus fillos; unha Patria fai nobres os seus cidadáns que por ela loitan. Eu soio podô decire que dera os bicos da miña santa nai, por un nisco da nobreza que conquiren os loitadores por Galicia.

*
**

A vida humana é nada sin-a lus d'un ideal. Os ideás son nada sin-a santidade do seu ouxeto. O ideal nazonalista é vô de amore a unha patria eiscelsa, Galicia. A vida que n-il se inspire, ten pois de sere todo: unha rosa que se abre, un sol que se desfai en lus, unha alma que se santifica, unha gloria que se labra,

do mesmo xeito que nasce o aroma do sândalo: canto mais medra a albre, mais rescendo, e canto mais rescendo, mais vida na albre; canto mais ideal, mais vida, canta mais vida, mais amore ô idealismo santo. De eiquí deduzo que os homes [non nazonalistas son como colmeas valeiras: por fora parecen sere; por dentro, son mansión morta, deshabitada das abellas dos grandes ssntimentos e por ende sin o panal de ouro da concencia, e sin o mel docísimo da felicidade patria.

¡Pobres colmeas valdeiras! ¡Qué triste debe sere o voso podrecemento!

A. V.

D' UN MESTRE EMIGRADO

PENSANDO LONXE

Non quixera morrer lonxe d'os lares
en q'os ollos abrín â lús primeira,
d'a terra donde choran os pinares,
branquean os fogares,
e s'escoita o alalá e a muiñeira.

Non quixera deixar meu corpo xeadó
lonxe d'aquel xardín. Cal paxariño
son que d'o horto en que nacéu roubado,
sospira namorado
súa alma posto en feiticeiro niño.

Eu quixera dormir o postrimeiro
sono d'a morte n'aquel leito brandó
d'a terra nai que me bicóu primeiro,
n'un triste cemeiteiro
donde estén os ciprestes sospirando.

Donde chore a ruliña namorada
chamando seu amor n'a triste noite,
dond'un rayo da lúa prateada
brile n'a froreada
cova, e d'as brisas o xemir s'escoite...

Veira do mar que xoga n'as areas
d'as prayas que deixéi cando pequeno,
veira d'as hortas de verdores cheas
e d'as brancas aldeas
en que vivín feliz cand'era neno.

Que si é certo que temos escondida
drento d'o peito unha invisible alma,
ela saldrá d'a cova frorecida
e voará perdida
n'as tristes horas de soedá e de calma.

Dicen que tod'a terra é para a xente
a patrea universal. ¡Mintira! Eu xuro
que patrea sólo é unha, aquel caente
currunchó donde a mente
pensa adourando seu recordo puro.

Currunchiño pequeno, sí; mais canto
se quer, si lonxe estamos... ¡Qué agonías
o peito sofre en horas de quebrantó
cand'as melanconías
cóbrennos de morriña c'o seu mantol!...

E quixéramos ser ondas d'os mares,
bicos de vento, páxaros lixeiros
pra fuxir e chegar ôs tenros lares,
â terra d'os cantares
doces, e d'os frondoses ameneiros.

Non, non quero deixar meu corpo xeadó
lonxe d'aquel xardín. Cal paxariño
son que d'o horto en que nacéu roubado,
sospira namorado
posta miñ'alma en feiticeiro niño,

N. VIDAL PITA.

Holguín. (Cuba).

A ASAMBREIA DE LUGO

Oito mil manifestantes portestan contr' o Goberno e a Compañía do Norte

O DERRADEIRO domingo foi testigo a cib-
dá de Lugo d'un fermoso e baril aito
de cidadanía, no qu' o pobo lucense satu-
rado do ambiente de rebeldía que vai inva-
dindo a nosa terra, formóu unha imponente
manifestazón de portesta pol-o abandono
en qu' o teñen dende fai tempo, o Goberno
por unha parte e a Compañía do Norte
pol-a outra.

No Campo da Feira congregáronse unhas
oito mil persoas nas que figuraban total-
as crases sociaes d'aquil pobo, baixo unha
chuvia pertinás qu'asomellaba unha adhesión
de portesta da natureza, obedecendo os
congregados ô chamamento da «Sociedad
de Labradores de Lugo».

A cordura, o civismo, o san esprito cib-
dadán de que deron mostrás os manifestan-
tes, evitóu un día de loito pra Lugo e unha
páxina dôrosa pra Galicia, porqu' as caosas
qu' os faguía ir en xigantesca xuntanza, eran

d'abondo fortes e d'abondo razonabres pra
portestare â berros e algo mais qu' a berros,
das bulras d'unha Compañía que trata
d'afogal-a sua industria, e d'un Goberno
que tan pasivamente o consinte.

N'unha tribuna ergueita no centro do
Campo da Feira, fixeron uso do verbe os
Sres. Cora Lira, Gayoso Lois e Gayoso
Castro, quenes en párrafos brilantes e fogo-
sos condenaron o esquecemento en qu' os
teñen os gobernantes non obrigando â Com-
pañía do Norte a que teña na Estazón lu-
cense o soficiente lúmaro de vagóns pr'â
eisportazón do gando, matando non-os ten-
do a mais grande riqueza. Aconsellaron
non desmaiar na campaña emprendida, e
que porcuraran por todol-os meios non dar
si fora posibre, nin unha soia nota discor-
dante no paso da manifestazón pol-as rúas
de Lugo. Os tres foron moi apraudidos.

Dempois o Sr. Cora Lira en meio d'un

imponente silencio, dou lectura âs conclusións
qu' os alí congregados como repersentantes
de total-as crases sociaes de Lugo, eleva-
ban ô Goberno, e que foron as siguientes:

1.^a Que pol-a Xunta de Trasportes e o
Ministro de Fomento «residencien» pol-o
menos trescentos vagóns (quinze diarios)
cubertos, provistos de fenestras, e os desti-
ne ô transporte de gando vacuno dend'as
estazóns d'esta comarca âs de Barcelona e
Madri, prohibindo en ausoluto que sexan
destinados dend'eiquí a outro ouxeto, e au-
torizando qu'ô regreso poidan trasportar
mercancías destiñadas sômentes ô comercio
de Galicia, e fixando a cada vagón «resi-
denciado» o prazo máisimo pra voltare â
estazón de safda, de vinte días.

D'iste xeito, evitaráse que termiñe d'arrui-
nárese por compreto ista comarca, por cos-
tituire a eisportazón do gando vacuno, a
principal maneira de vivire milleiras de fa-
mílias labregas, e levar mais de tres meses
suspendidas as eisportazóns.

2.^a Qu' o Goberno adiquira n'Arxentina
maiz e centeo, do mesmo xeito que acordou
adquirir trigo americano. Eisí resolveráse
o conflicto provocado pol-as malas colleitas,
tanto pr'alimentazón do labrego como pr'a
cria do gando. A merca do trigo americano
non resolve probrema algún pra Galicia, e
resólve-o en troques a do maiz e o centeo.

3.^a Que facilitense vagóns pra traer
sal dend'a estazón da Cruña, e que traspor-
tese iste artigo en sacos dend'os puntos
produtores nos barcos sinalados pol-o Go-
berno á fretes reducidos. O sal é elemento
indispensable pr'a salazón das carnes, que
tan soio no termo municipal de Lugo, re-
persenta unha riqueza anual de a carón de
dous millóns de pesetas.

4.^a Que desgrávense totalmente e pra
sempre dos dereitos arancearios, o centeo e
o maiz que veñan d'América pr'as necesi-
daes de Galicia.

Finada a lectura, púxose en marcha â
móstrua manifestazón camiño do Goberno
civil, pra faguer entrega ô Gobernador das
conclusións aprobadas, e durante tod'ô tra-
yeito, aparte de morras â Compañía do
Norte e ô caciquismo, non houbo a máis
lixeira soma de desorden. ¡Ben pol-os lu-
censes!

E agora, dempóis de tres meses de paro
forzoso na eisportazón, e de térese que
xuntar tod'ô pobo de Lugo com'un solo
home pra recramare do Goberno o que de-
bían recramare seus repersentantes nas
Cortes, xa poden ir estos por Lugo co-a
anunzada cruzada rexionalista proqramán-
dose defensores do pobo, do que si non
son acusadores privados, premanecen frios
e maistáticos coma uxieres, que iso son
criados pagados con un acta.

DE MIN PRA VOS

EN TEMPOS QUE VIRÁN

A marquesa de X e seu primo o conde L., agardan na terraza do chalet, os convidados pra unha xira campestre ás posesións da marquesa. Os dous andan rondándoll'os sesenta anos, e saben de moitas cousas que pasaron pol-a terra galega.

Sentados en mecedoiras de mimbre, a marquesa válese das varilas do abano coma de doas de rosario pra repasar seus pensamentos, e o conde nas espiraes do fume do seu xaruto, lê ou estuia no pasado.

Marquesa (*Pechando nervosamente o abano e deixando fuxir un salayo*).—Imos vellos, conde.

Conde.—Tempo fai que nacimos, marquesa.

Marquesa.—¡Cantas cousas levamos vistas!

Conde.—Non tantas coma deixamos de vere.

Marquesa.—E certo, si, e certo; nas nosas vidas, soio temos conocenza d'iso: das nosas vidas.

Conde.—Cando falan mal de nós, e ós nosos ouvidos chega.

Marquesa (*Surrindo*).—Sempre, conde; sempre habedes de tere a ouxeición de rúbrica.

Conde (*Botando ô outo unha bocanuda de fume*).—E mal da raza.

Marquesa.—Raza hoxe braril, nobre, ilustre.

Conde.—Onte cativa, probe miserabre.

Marquesa (*Dando golpeciños cô abano nos xionllos*).—Decire que non fai moito tempo acochábamos o nome da terra onde nacéramol-os galegos, da vergoña o pensal-o!

Conde (*Arregrando o nó da corbata*).—Daquela non éramos galegos.

Marquesa.—¿Qué, pois?

Conde.—Xudíos sin patria vivindo n-ela: veciños d'unha casa qu'era nosa.

Marquesa.—¡Canto tempo perdimos!...

Conde.—E obrigados qu'o non perdimos todo. Mais que nada a fala; ista fala que tanto envexan-os alleos, e que non finóu, e non perdéuse nas ás do esquecemento, mercede ós bós labregos, que foron-os termadores da nosa tradición, das nosas costumes, dos nosos usos; os compretos cibdadáns, os únicos matriotas, os que sendo galegos vivían en Galicia e non n'unha colonia castelana. ¡Benia eles!

Marquesa.—E penso que de tantas estátuas e moimentos coma tén a nosa terra en prazas e xardíns, non hai unha, unha soia, que reperse a raza n-un labrego; n-un d'isos labregos que tan maxistralmente traza o lápis do noso vello amigo Castelao.

Conde (*Sacudindo a cinza do chaleque*).—Tiveches unha gran idea, marquesa. Velahí unha fermosa maneira de pagare a xenerazón pesente a deuda de gratitude que temos cô labrego, encarnazón da raza, que soupo conservare limpa e san ô través d'un tempo de doenzas contaxiosas, a fala, a base pirmordial da riqueza e prosperidade que disfrutamos hoxe. Sin ela Galicia, non sería Galicia; ficaría reducida á un anaco d'aquela España de touros e pandeireta que Deus confundéu pra ben d'ela e noso.

Marquesa.—Pois xa qué ch'agradóu a

idea, cando cheguen os invitados, nos que como sabes, atópanse os mais linaxudos e mais ricos señores da nosa terra, abriréi unha suscrizón pra ise moimento qu'encabearéi co-unha forte suma, e o que sexa valente, qu'atrás veña.

Conde (*Erguéndose*).—Seguireite eu, marquesa, e com'os dous pertencemos á antiga nobreza, e non á que fixeron nobre porqu'ennobrecéranse falando unha língoa que por de bastardos tiñan, non teño dúbida algunha en qu'o moimento faráse, e qu'o espírito da raza ficará pol-os séculos dos séculos reperimentado pol-a figura labrega, única e lexítima reperimentazón da i-alma galega.

RICARDO CARBALLAL.

CONTOS ALLEOS

POR RABINDRANATH TAGORE

O DESTERRO

—«*Maxestade,—dixo o súbdito ô rei—o Santo Norottam endexamáis dignóuse entrar no teu templo, e cantando anda gabanzas a Deus, baixo das albres nos camiños reás.*

Noso templo atópuse deserto.

Os feles prefiren axuntárense ô seu redor com'as avellas ô redor do branco loto, desprezando o dourado cális de mel.»

O rei cô corazón tristeiro foise xunto de Norottam qu'istaba sentado sobor da herba, e díxolle:

—«*Pai, ¿por qué deixas meu templo de cúpulas d'ouro, e séntaste no chan a perdicar o amor de Deus?*

—«*Porque Deus non háchase no teu templo—repicoulle-o Santo.*

O rei frunceu o ceño:—«*¿Non sabes qu'enfaguer isa maravila d'arte gastáronse vinte millós. e que foi consagrado á Deus en meio de suntuosos rituaes?*

—«*Si, ben-o sei,—repicóu Norottam—. Foi n'aquil ano en que milleiros de teus súbditos cuios seus lares foran queimados, improraban inutilmente tua misericordia ás portas do teu templo. E Deus dixo:—N'é posibre qu'istos desleigados que non saben socorrere á seus irmáns, sexan os que fagan a miña casa... Ielixéu o seu posto entr'os desamparados nos camiños reás, á soma das albres.»*

O rei berróu encabuzado:—«*¡Vaite da miña terra!*

Tranquilamente o santo respondéu:—«*Si, fas ben, destérrame á onde desterrache meu Deus.*

O MESTRE E AS XOYAS

Lonxe, alá abaixo, o Jumna deslízase lixeiro e transparente; enriba frunce o ceño a combada ribeira.

As colinas, prêtas d'albres, deslavadas pol-os torrentes, agrípanse ô redor.

Govinda, o gran mestre de Sikh, atópase lendo as esqirturas sentado n'un cón.

Raghunath, seu discípulo, orguloso das suas riquezas, chégase a él, saúda-o reverente, e dille:

—«*Tráioche un sinxelo e homilde persente, indiño de ti.*» E isto falando, amostróulle unha parexa de pulseiras d'ouro, recamadas de pedras prezosas.

O mestre tomóu unha, e fixo-a xirar con rapides n'un dos seus dedos. Os diamantes espallaban reflexos deslumeantes.

De contado, desprendéuse a pulseira do dedo, e rolando foi pol-a orela, até caer na auga.

—«*¡Ai!*»—berróu Raghunath—, e d'un pulo arroxóuse á corrente.

O mestre reanudóu a sua lectura, e a auga en mentras, retuvo e acochóu a xoya, e siguéu seu camiño.

Xa o día chegaba ô seu termo cando Raghunath retornóu á presenza do mestre sin folgos e pingando.

—«*Si me dis onde caéu, tempo é aínda de recuperá-la*»—escramóu xadeante.

O mestre colléu a outra pulseira e arroxánda-a ô río, sentenzóu:

«*Alí.*»

O REXURDIMENTO DE GALICIA

GALICIA enérxicamente, decididamente, érguese e reafirmase. Galicia responde chea de folgos ó berro do actual momento, qu'eiquí e fora d'eiquí eisixe a replasmazón dos Estados según a súa variedade complexa, incontida nas fórmulas deica agora oficias, y en por iso fundamentada en fondas características seculares.

A personalidade galega é mui acentuada, mui manifesta; a historia de Galicia, a lingua, o dereito, demostran e consagran isto con prestixio tan esmagante, qu'a Galicia pertenesce un lugar d'honore, á veira de Cataluña e Baskonia, pr'á instaurazón da España nova, d'unha realidade do país, d'unha realidade de concenza pública, d'unha realidade d'Estado, todo isto fundamentándose—en contraposición ó monopolio oligárquico—na emulazón de principios colectivos ausolutamente viventes.

A simpatía dos catalás pol-a nobre e apasionada alma galega, é tradizional. Alfredo Brañas conserva un extraordinario prestixio entre os iniciadores do movemento político catalanista; Rosalía de Castro foi esaltada pol-os nosos poetas; os nosos orfeóns popularizaron as cancións galegas. Os políticos do catalanismo ollaron de cote en Galicia un indispensable y-eficacísimo fundamento da Iberia futura. Houbo un tempo en que o catalán, o basco e o galego eran, xun-

tos, un recurso cómico—pol-as suas peculiaridades fonéticas—pr'os probes d'esprito, incapaces de comprenderen a xenerosidade da vida diversa, e tamén de seguir, ainda que fose por casticismo, respecto á España diversa e polilingüe que caracterizou á Cervantes. Agora Galicia, Baskonia e Cataluña tendo feito un ideial político—cô que teñen que ver asiñaladamente aquelas fonéticas irruductibres que facían rir tanto—colaborarán n-unha obra ibérica oposta á da decadenza.

Vexan os nosos amigos as novas das conferencias importantísimas que donóu derradeirairamente Porteiro; as novas d'un esprito moderno qu'entra nos municipios galegos, onde rexidores d'outros partidos sumaríanse á arela reivindicadora; teñan en conta a importancia dos diversos e poderosos factores do movemento galeguista, rico en multitudes; decátense do abraimento producido entre os grandes señores feudais da política galega pol-o anuncio do viaxe dos nosos políticos a Galicia—deica o punto d'anunciárese unha cruzada por políticos dos vellos partidos baixo os auspicios de Besada—e terán a sensazón da importancia trascendental do adevenimento de Galicia á gran campaña renovadora.

Os eminentes galegos que veñen á Barcelona sentirán como a nosa iucomparabe vi-

brazón cidadana acolle con todo entusiasmo a súa persenza, xa ben notoria e honoradora, pro endemais emblemática do axuntamento de dous grandes pobos ibéricos. Preparémonos pr'á recepción cordial e fervorosa dos nazionalistas d'aquelas fermosísimas terras atlánticas, e a escoitar a confianza das suas espranzas, e ó análisis das suas características, hoxe próisimas á victoria.

(Traducido de *La Veu de Catalunya*.)

VERBES D' UN LOITADOR

Labrego, ascoita

LABREGO galego, ti que moras n'un pobo de manates, viveiro de caciques, onde o que non dá cumprimento as eisixencias d'eles, é aldraxado cal sucedeu non hai moito preto de Santiago:

Erguete; dirixe a mirada ô teu redor e convécete do suicida que é seguir na condición d'escravo; apréstate ser home dino creando asociacións xa sexan agrarias xa cóperativas ou pertencendo a elas. A iste xeito levarás á tua rexión pol-o camiño da libertá e da redenzón.

Galicia sen escolas, sen estradas de ferro, principais heraldos do progreso e da civilización, forzosamente ten que atopárese chea de iforancia e istar á mercede d'uns cantos desaprensivos, criminaes da raza, os que non dubidaron endexamáis en comerciar cõ-

6) FOLLETON DE «A NOSA TERRA»

GERTAME DE «MARUXA»

Ramón Cabanillas, poeta da raza

(APUNTES PRA UN ESTUDIO)

ceo do gran poeta de Celanova, amostra o agarimo que por il sinte Cabanillas.

Algunhas poesías, lembran, com'unha pingota d'auga a outra, a maneira de facer de Rosalía. Vede unha mostra, cando puidéramos darvos moitas:

*Rosiña rosa temprán
¿qué te axou?
¿que foi do teu ollar ledo?*

O soneto «Savunarola» parez esquirto por Curros ou por Guerra Xunqueiro, a quen Curros n'algús traballos asomellábase abondo. Tamén lembra a Curros a composición que excomenza:

*Como a Virxe María
Reina do ceo
jou meniño! estas todo
de gracia cheo*

«Ditos dos vellos» son sentencias labregas cheas de sacarronería, lembrativas d'outras chispeantes de Lamas Carballal. «O

paxaro de Armenteira» ten parentesco con algús poemiñas picarescos de Benito Losada.

E chegamos a «Vento Mareiro.» Escolmenza o libro unha coleución de sonetos, notabres pol-a súa sinxeleza sentimental—na que é mestre Cabanillas—e pola súa transparencia lírica. Noméase «Sono dourado» e está adicada pol-o poeta á súa muller. Di no remate:

*Quero na lousa que me dé sosego
esta palabra que ten lus: GALLEGO
y-esta palabra que ten úas: POETA*

Pra nós, ningún ten feito nada millor no noso idioma. A novo sabe tamén a poesía nomeada «A soma do pinal.» Pol-as resonancias culturás, pol-o esprito e inda pol-o xeito, fai lembrar algunhas do autor de «Queixumes dos pinos.»

Notas novas son, igoalmente, na literatura enxebre, «O Paxariño» pequeno poema madrigalesco, cheo de gracia, que atopa somellanza, inda sendo esencialmente diferente, no idilio da moreira, entre Vicente e Mireya, de Mistral; «A traxedia das follas», sinfonía heroica, ateigada de maxestá e barilidá, alumeada por unha labarante inspiración e que, se non imos trabucados, e o

pirmeiro que en verso libre esquirbese no noso idioma, e «Da traxedia de Pierrot», cadro rural, onde latexa sobor d'un crudo fondo realista tod'a doce malenconía que verteu Rusiñol na «Alegría que pasa.» Cabanillas n'ista composición que é unha verdadeira xoya, acertou a armoñizar o modernismo c'o enxebre, amostrando com'o xenio pode facer novo e orixinal un tema vello. «Lume no pazo» parez unha mancha de cõr bermello dada c'o puño pechado sóbor d'unha xenreira ancestral, por un pintor da escola impresioista.

O feixe de poesías que nomea «Da terra asoballada» pol-o seu xeito cívico, pol-os latexos de rebeldía e pol-a galanura dos xiros, son dinas de põerse emparelladas c'os millores cantos de loita dos precursores. Xunt'as de Rosalía («castellanos de Castilla e ¿Por qué?...»); de Pondal («Morrer en brando leito», «Cando os duros machados») de Lamas («Deus fratresque», «O monte Medulio»); de Curros («Crebar as cadeas» «Encomenda...»); de Rodríguez González («Galicia esperta» «Resurrexit»); de López Abente («A fouce»); de Valcárcel («A Galicia»).

Cabanillas, como se pode vere, cultiva

sagrados intreses d'ela pró seu engrandece-
mento persoal.

Galicia, onde o que non resignase a cum-
prir os desexos do cacique, é victima d'unha
leonina persecución chegando ó extremo de
despoxalo d'o mais elemental pra vida, fa-
cendo que este, arruinado e abandonado
pol-a xusticia, moitas d'as veces personifi-
cada n'el mesmo, teña que emigrare a lon-
xanas terras, onde si ben é verdade que o
seu traballo é millor retribuído, non é me-
nos certo que se lle considera, non coma ós
demais humás, senon coma un elemento de
orden inferior, no que afecta á parte ideoló-
xica, pra honra d'aquiles que ostentando a
nosa representazón loitan por termos afun-
dido na ñorancia pra logo bulrarse d'a nosa
incapacidade, e pra vergonza nosa por non
sabermos impoñer con procedimentos radi-
caes.

Mais decatándonos que a nosa patria é
Galicia, que n'ela nacimos, que n'ela é don-
de recibimos os primeiros bicos paternos,
onde tiñamos os nosos amigos da infancia,
tornamos a ela, non dispostos a continuar a
anterior vida de sapos, senon a conquistar o
pan que antes nos faltou, a librtá de pen-
sar e de fraternizar cos amigos.

Mais se en troque d'isto se nos concede
a librtá de ter fame, se querendo tronzar a
mordaza pra falar, mandásenos a presidio,
entón, entón vosoutros diredes.

RAMÓN SANCHEZ.

¡Zöa, vento, zöa!

Adicada ó escritor D. Fuco de Tabeayo.

Zöas nos meus ouvidos;
non ch'entendo palabra.

Fasme sentir, sentir non sei que cousas
d'unha vida pasada.

Me recordas os meus primeiros anos
que, sentado nos restos d'unha lancha,

asi nos meus ouvidos
como agora zöabas,
como agora sentado entre oliveiras
en terra lleidatana.

Zöas pra min o mesmo,
o mesmo que na praya,
onde—¡non sei pra qué!—vin a este mundo,
onde pasei a infancia,
onde pasaron anos, onde foron
con eles aumentándose as desgracias.

N'este momento fungas con mais forza...
Alí vexo detrás d'unha muralla
uns cipreses qu'están abaneando,
e parez que me chaman.

Vaia un consolo que me das ¡ouh vento!
¡Xa entendo a tua fala!

—«*Rezareiche*, (ti disme), *cando morras*;
rezareiche eu soiliño pol-a y-alma.»

JENARO MARIÑAS.

Lérida, San Martiño 1917.

Peneirando...

No xornal *El Liberal* de Madri, dando
conta da chegada dos nosos irmáns a
Barcelona, dixo qu'erán representantes das
Irmandades da Faba.

Faguer trabucamento de *faba por fala*,
esprica de maneira retunda o por qué por
espazo d'unhos días nos estiveron dando a
lata no mesmo xornal co-unha serie d'arti-
gos titulados: ¿Se puede vivir?
¡A pesadilla das sussistenzas!...

Tres bös señores tiveron a gran ocurrencia
de faguer un viaxe a Madri, dende Galicia,
en atopo d'un ducado.

O istrano non é iso, sinón que foron a
buscal-o ó Ministerio de Gracia e Xusticia,
cando o mais lóxico sería buscare isa moe-
da antiga en calquer almoeda, ou na casa
d'un antigario.

En troque pra pedire vagóns pra espor-
tal-o gando en Lugo, nan hai quen se mova
á non seren os intresados.

De Zaragoza, Valladolid, Pamprona, e
moitos pobos mais, fan reclamacións pol-a
falla de vagóns.

Pol-o visto isa doenza non é soio en Gali-
cia. ¿Qué fixeron dos vagón as Compañías
de ferrocarrís?

Nós coidamos que istas Compañías es-
tranxeiras os terán na casa... mais en mal
estado.

As conferencias que deron nosos irmáns
en Barcelona foron dadas en galego. Os
cataláns enxerguéronnos perfectamente.

En troques cando Porteiro dóu a sua con-
ferenza no Circo d'Artesanos, houbo galegos
que lamentábanse de que non falara en cas-
telán pra enxerguel-o millor.

Ben dixo Pondal: *Non nos entenden, non...*

En Lugo fai tres meses qu'atópase detida
a esportazón do gando por falla de vagóns.
As ganderías lucenses son de bois, e ise
é o erro.

¡Ai si foran de touros!

Besada e compañía, sociedade caciquil
de froitos do país, e bös son-os froitos, vanse
a espallar por toda Galicia en calidade de
mercadores, pra faguer o acaparamento pra
Febreiro.

Endeben, n'ise mes é o Antroido, e coi-
damos que por moito que disfrácense van
a conocel-os pol as poutas.

Cando vexades un señor que vos fala en
castelán e diga tere influenzas no Goberno
pra ben de Galicia, non dubidedes, amos-
trádelle a figa e... ¡Arrenégote demo!

LIT. E IMP. ROEL-CORUÑA.

Faise cárrago de toda
cras de traballos grá-
ficos, en imprenta, lito-
grafía e fotografado,
ansí coma sellos de
caucho

A Papeleira Galega

FÁBRICA DE BOLSAS DE PAPEL
DE TODAS CRAS
FOTOGRAFADO

BARRERA, 7

A CRUÑA

Teléf. 434

NOVO LIBRO

Da Terra

asoballada

POESÍAS

DE
Ramón Cabanillas

De venda en todas as li-
brerías e na administra-
ción d'A Nosa Terra.

Prezo: 1'50 ptas.

FRÁBICA MECÁNICA
DE CALZADO :-

ANXEL SENRA

RÚA XUAN FLÓREZ

Depósito: Cantón Grande, 15

A CRUÑA

FILLOS DE A. BARCELÓ (S. en C.)**MÁLAGA**

Cosecheiros, esportadores de viños seleitos da España, oxén, anisados, ron, coñac, etc.

Son os únicos donos das marcas de moito creto e sona chamadas

ANÍS DOUS MONOS**RON LA LUCÍE****OXÉN SUPERFINO**

Pra encargos, na Cruña, rúa do Orzán, 144

Automovilistas:

As mais fortes, milliores e mais económicas cubertas, son as

PALMER

Depósito xeneral en Galicia.

Real, 20 -- A Cruña

BALDOMIR

Pòrase axiña a venda unha nova colección de melodías inspiradas en poesías de Rosalía, Curros, Cabanillas e Rey Soto.

LABREGOS:

Si queredes encoutar a peste das patacas, vacelos (vides), hortalizas, etc., e dobrar a colleita d'aqueles productos, empregade o **SULFATO DE COBRE**

Pedide prezos e condicións ós

Grandes Almacés de Ferretería, Vidros e Pinturas

DE

Romero Hermanos

Concepción Arenal, 1 e 3; Iglesia, 90 e 92,
e Canalejas, 77

FERROL**H. LA PALOMA**

— DE —

Ramón Morandeira

Este espréndido establecemento, situado no mais céntrico da poboación, axeitado á outura dos milliores da sua cras, conta con espazosas e aireadas habitazons, boa e abundante mesa, un servizo puntual i esmerado, e asistencia facultativa pol-o enxebre e renomado doutor A. Otero.

Fonte de San Antón, 20 - Santiago

LEUTORES:

Quen queira ter un traxe bóo e xeitoso, e que lle coste pouco diñeiro, qu'ó faga na xastrería de

Xosé Varela

CIRCO, 16-BAIXO - VIGO

FÁBRICA DE BISELAR, GRABAR E DECORAR CRISTAL

Espeillos de Venecia e de tocador, lisos e biselados.

Rótulos grabados e vidreiras artísticas.

Lúas de grandes tamaños e grosuras.

Vidros impresos e de total-as cras.

Baldosas pra pisos.

Narciso F. Pereira

ORZAN, 76 E SOCORRO, 37 E 39

A CRUÑA

Farmacia da Silva

PATENTES NAZONALES I-ESTRANXEIRAS

SURTIDO COMPRETO

Silva - A Cruña

Os esquisitos VIÑOS do

VALLE DE MONTERREY - Ourense

véndense na rúa da Franxa, 41

Probádeo, os que gustedes d'un bon viño de mesa.


NAZONALISMO GALLEGO

A NOSA AFIRMACION REXIONAL

(2.^a EDICION)

Libriño ben imprentado nos modernos talleres da «Voz de Galicia» con xuícios e opinións de Rodrigo Sanz Porteiro, Banet, Fontenla, Calvo, Casares, etc., por Antón Villar Ponte.

Véndese a 50 céntimos. — Os pedidos faránse ó autor, no Rego d'Auga, 4-1.º — Cruña. — Os suscritores d'este boletín poderán adquirilo á metade do prezo sinalado.

**COMPAGNIE GENERALE TRANSATLANTIQUE**

VAPORES CORREOS DE GRAN VELOCIDADE

SERVICIOS DIREITOS DENDE O PORTO DA CRUÑA

LINEA DE HABANA E VERACRUS

| | |
|--------------------------------------|---------------|
| Prezo en terceira â Habana | Ptas. 298'60. |
| » » Veracrús. | » 313'60 |

Facilitanse billetes de ferrocarril da Habana a Santiago de Cuba pol-o prezo de Ptas. 35.

Os emigrantes e todol-os equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía.

Para toda clás d'informes sóbor de datas de saída, precios do pasaxe e tipos de flete, dirixirse ó seu Consignatario

D. Nicandro Fariña

Rúa de Compostela, esquina á Praza de Lugo

NOTA. — Quedan sin efecto total-as tarxetas de visita, pois non se deixa entrare a bordo.